



## GRUPO MUNICIPAL


LUÍS REI NÚÑEZ, portavoz do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta a seguinte PROPOSICIÓN, en que solicita que o Pleno do Concello de Pontevedra inste a súa Xunta de Goberno **PARA QUE REACTIVE O PLAN PARA O SOTERRAMENTO DA LIÑA DE ALTA TENSIÓN QUE ATRAVESA O BARRIO DE MONTE PORREIRO.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Internacional de Investigación sobre o Cancro (IARC) incluíu os campos electromagnéticos (CEM) de baixa frecuencia (os xerados polos tendidos eléctricos e instalacións asociadas) como posible axente canceríxeno. A esa tese sumáronse, sucesivamente, o Instituto Karolinska de Estocolmo, o Departamento dos Servizos de Saúde de California e o Grupo de Investigación sobre Cancro Infantil da Universidade de Oxford (este último, tras a realización dun estudo con 29.081 nenos enfermos de cancro, 9.700 deles con leucemia). Outras investigacións biomédicas sinalaron ao longo dos últimos anos os efectos dos CEM sobre a glándula pineal, a melatonina, cefaleas ou alteracións dos ritmos circadianos do sono e da vixilia.

Debido a isto, os países máis avanzados foron diminuindo sensiblemente os seus valores de exposición aos CEM. Suíza adoptou, xa en 1999, un valor dunha *microtesla* (1  $\mu\text{T}$ ) para as novas instalacións eléctricas. O parlamento de Italia aprobou a denominada Lei Marco sobre a Contaminación Electromagnética, que promove o establecemento do valor máximo de 0,2  $\mu\text{T}$  de campo electromagnético; isto é, 500 veces menos que o admitido en España.

Á luz destes datos, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e o Ministerio de Sanidade recomendaron no seu momento “fomentar estudos epidemiolóxicos en poboacións expostas por riba de 0,4  $\mu\text{T}$ ” (aínda que, de momento, non chegou a facerse ningún).



A Lei 54/1997 do “Sector Eléctrico” non resolveu os problemas da proliferación de infraestruturas eléctricas, polo que está pendente un cambio normativo a respecto das liñas de alta tensión (LAT), subestacións e transformadores que considere o “principio de precaución”, minimize as emisións electromagnéticas e aumente as distancias de seguridade. Iso debe traducirse, necesariamente, en conducir as liñas de alta tensión por lugares deshabitados, no agrandamento dos corredores das liñas de transporte de enerxía eléctrica e mais no deseño de sistemas de distribución máis seguros (que inclúan novos métodos de soterramento).

En Pontevedra, desafortunadamente, seguen permanentemente expostos a riscos coma os apuntados ata aquí os residentes do seu barrio máis poboado. Trátase de Monte Porreiro, onde os cables de alta tensión, en pleno 2017, aínda sobrevoan edificios habitados, espazos de lecer e mesmo parques infantís.

O problema semellaba atopar unha saída satisfactoria en decembro de 2007, coa sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o Concello de Pontevedra e Unión Fenosa, para o soterramento da LAT 66 Kv que atravesaba o barrio. Cun orzamento global de 1.764.298,31 euros, do 40 por cento (445.737 euros) ía facerse cargo a consellería, para a execución das instalacións eléctricas, e do 60 por cento restante (668.606 euros) Unión Fenosa, para a instalación eléctrica. A obra civil (507.609,56 euros) correría por conta do concello.

Tras un informe de Intervención Xeral do 24 de setembro de 2009, a Xunta de Goberno Local (XGL) aproba o 5 de decembro dese ano o expediente para a adxudicación das obras e o prego de cláusulas administrativas (procedemento negociado con publicidade, cun orzamento de 568.881,66 euros). O 25 de xaneiro de 2010, a propia XGL adxudica provisionalmente á empresa FARO a contratación da obra civil de soterramento e o día 22 do mes seguinte unha resolución da alcaldía fai a adxudicación definitiva por 465.914,08 euros (IVE incluído), cun prazo de execución de 8 meses.

Uns meses despois, o 2 de agosto, redáctase acta de suspensión temporal, motivada pola “falla de definición e aprobación por parte de Gas-Natural Unión Fenosa de diversos elementos necesarios para rematar as obras, así como a necesidade de redactar un proxecto modificado que recolla a variación do trazado producido e a posterior aprobación de todo iso por parte da Consellería de Industria”.

O 30 de decembro de 2011, a XGL aproba o proxecto modificado de obra (presentado o 6 de xuño dese ano), cun orzamento de 506.181,09 euros (con IVE) e un prazo de execución de 5 meses, e o 24 de xaneiro de 2012 asínase o correspondente contrato administrativo do Modificado nº 1 do proxecto de soterramento.

Cinco meses despois, o 22 de xuño, unha nova acta volve suspender temporalmente a obra, ante a necesidade de que Unión Fenosa faga o descargo da liña aérea existente. E dise nesa acta: “Fenosa non ten intención polo de agora de efectuar dito descargo”.

Todo este ritmo xa lento encalla de xeito definitivo o 6 de agosto de 2012, cando o concelleiro González Carballo asume “a paralización dos traballos, segundo a acta de suspensión das obras do 22 de xuño de 2012”.

A partir de aí aínda haberá unha denuncia dun particular pola invasión dunha parcela. Motiva informes do enxeñeiro, da Asesoría xurídica e de Contratación, mais non impiden unha reclamación pola vía contencioso-administrativa que remata, tras acordo posterior, co pagamento de 24.360 euros.

En todo caso, do vello proxecto de soterramento da LAT de Monte Porreiro deixa de saberse nada a partir de mediados de 2013. E desde ese momento é máis ca evidente que Gas Natural Fenosa se desdixo do compromiso que asumira no convenio de 2007, e que esa decisión foi en detrimento dos veciños de Monte Porreiro ao tempo que lle supuxo á compañía o aforro dun investimento moi menor para unha empresa da súa magnitude.

A esta altura convén lembrar que é a mesma Gas Natural Fenosa que obtivo beneficios de 1.400 millóns de euros en 2014 e de 1.500 millóns en 2015, e que acaba de declarar 1.347 millóns de beneficio en 2016. Son multimillonarias ganancias que, en gran parte, se explican pola regulación do mercado grosista da electricidade (moi favorable aos intereses empresariais), e que se están triplicando nos últimos meses, grazas ao *prezo marxinalista* co que foi agraciado un sector estratéxico tan vital (e privatizado), ao permitirlle fixar as tarifas ao consumidor a partir da enerxía de produción máis cara.

Dado que a veciñanza de Monte Porreiro segue co grave problema da liña de alta tensión sen resolver, e dado que a Gas Natural Fenosa segue sen preocupala saldar a débeda que ten cos veciños de Monte Porreiro, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra presenta a seguinte

#### PROPOSICIÓN

- 1- Instar a Xunta de Goberno do Concello de Pontevedra a reactivar o plan de soterramento da liña de alta tensión que atravesa o barrio de Monte Porreiro, con risco para a saúde dos seus veciños.
- 2- Asemade, instar a Xunta de Goberno a que nese plan se vele polo cumprimento dos compromisos que no seu momento, coa sinatura dun convenio, adquiriu a empresa Gas Natural Fenosa.

Pontevedra, 9 de febreiro de 2017

Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

Luís Rei Núñez